

## O teatro en Bueu 1985-2016

O domingo 31 de xullo de 1988, dentro das actividades da “Semana Cultural” organizada polo concello, na Praza do Concello, houbo unha representación teatral «*Fuxan a tempo*». O mesmo ocorreu coa Semana Cultural do 1989 na volveuse a representar a mesma obra do ano anterior e que o 30 de agosto actuou no mesmo escenario o grupo de teatro “Titiriteiros Galegos”.

- II Semana Cultural Colexio P. de Beluso: Luns 13 de marzo : Mimo e pantomina “Ancoradouro”. O 14 de marzo actuou o Grupo Teatral Xan das canicas.
- 1990 Organizada pola Asociación As Lagoas (ela contrata): o 18 de febreiro na Casa de Cultura polo grupo de Teatro Anónimo do Val do Salnés representaron a obra «*A nosa Natacha*» de Alejandro Casona.

O concello de Bueu entre as actividades culturais que realizou no ano 1991: Día das Letras Galegas, Semana Cultural, Exposicións de pintura, Concertos, Seminarios,... destinou 250.000 pesetas ás “Sesións de Teatro na Escola” coa que se contrataron grupos que actuaron a modo de obradoiros para todos os centros educativos do concello.

A Semana Cultural 1991 (12-18 de xullo) programa para o luns, día 13, na Casa de Cultura, ao Grupo de teatro Arume.

O 10 de xaneiro de 1992 o Concello de Bueu presenta unha solicitude á Xunta de Galicia para “Subvención de actividades xuvenís” pola contía de 2.871.000 pts. das que o 25,3% correspondía ao apartado “Escola e teatro”. De todo o solicitado a Consellería de Cultura e Xuventude da Xunta concedeulles 515.000 pts.

No plan de 1993 para as actividades de Cultura do Concello de Bueu o teatro aparece en tres ocasións para celebrar na Casa de Cultura: Na Semana das Letras Galegas, nos festexos das Festas do Carme e na Festa de San Martiño coa aportación prevista dun 40% por parte do concello, un 30% da Xunta de Galicia e un 30% outras administracións (Deputación, Ministerio de Cultura, etc.). Exemplo da acollida, por parte do concello, ás subvencións doutras administracións o temos coa a actuación do grupo de teatro ‘Ancoradouro’ (3 de decembro) dentro do “Plan Cultural de Actuacións 1993” da Deputación de Pontevedra.

- O concello prantexa participar nos Circuito Cultural da Deputación entre outras actividades coa representación de:
  - Tres obras na 3ª semana de xullo de 1993 en Bueu
  - Dúas obras na 3ª semana de xullo de 1993 en Beluso

○ Dúas obras na 3ª semana de xullo de 1993 en Cela

Se noutras épocas, inicios do s. XX, a actividade teatral local ía da man dunha mestra como era Matilde Bares, ao final deste século e inicios do XXI segue o mesmo camiño, neste caso leva a batuta organizativa e directiva outra profesora, Asunción Soñora. Ao igual que no seu día o fora Matilde Bares, ela foi fundadora, directora, coordinadora, etc. de



Asun Soñora recibindo un agasallo logo dunha representación-1999/Arquivo Afonso Fernández

varios grupos de teatro escolar dos que a un deles fáltalle pouco para cumprir as “vodas de prata”. Estou a falar de ‘Comediantes anónimos’ (1992-). Ela soubo, dende o seu centro de traballo, o IES Johán Carballeira, entusiasmar a varias xeracións de alumnos e aínda que non sempre levou a dirección das obras representadas, pois soubo delegar noutros directores como Fran Paredes (tamén tradutor, actor, etc.), sempre tivo a batuta organizativa.

Da man de ‘Comediantes anónimos, S.A.’ estiveron obxectivos didácticos, culturais ou de simple lecer. Quizais engadidos a estes, e non sempre de forma consciente, perseguíase unha forma de rexurdimento cultural da xuventude, de axudar a frear a deriva e declive social que estaba levando a moitos mozos, de ser un intento de que xurdiran promocións de futuros actores, directores, de espectadores... de teatro ou algo tan simple como un amor compartido polas artes escénicas dunha profesora.

Como simple observador diría que paseniñamente, sen facer moito ruído, engaiolou a moitos mozos e mozas ao longo de moitos anos e tamén dou seus froitos vocacionais:

Por poñer uns botóns de mostra:

- Mª Elvira Millán Liméns..... autora de varias obras de teatro: «*Ácido Acetilsalicílico*», «*Oníricamente Onírico*»,... Tamén dirixiu cursos de teatro, fundou un pequeno grupo de teatro como Mételle a Cuarta, etc.
- Montserrat Méndez Ruibal e Alba Tizón gañadoras do 1º premio no III concurso internacional de teatro breve “Lauro Olmo” en O Barco (Ourense) con «*Paixóns, divinas paixóns*».
- Manuel Macou (M. Buceta) actor na primeira actuación do grupo, director do grupo ‘Teatro Scaenae’ (1998), funda a produtora de cine ‘Teatro Scenae’ (1999), na actualidade é Montador, Guionista e Realizador.

- Susi Ons que estudou Interpretación Textual na ESAD de Galicia (2007-2012) para logo continuar os seus estudos en Arte Dramática. Compaxinou os seus estudos de Dirección de Escena e Dramaturxia con diversos traballos como actriz en diversas producións de teatro infantil. Tamén traballou como actriz de reparto nunha web serie,...
- David Novas, licenciouse en Arte Dramático. Ademais de actuar en ‘Comediantes Anónimos’ o fixo en compañías como Teatro de Ningures, Xerpo Producciones o Triatreros. Foi actor no musical «*El libro de la selva*», facendo o personaxe de Baloo. Presentador, modelo,...

Logo dunha representación no Instituto, a primeira actuación pública do ‘Grupo Comediantes Anónimos, S.A.’ foi na casa de Cultura de Bueu nun acto organizado pola Asociación Cultural As Lagoas o venres 21 de agosto de 1992 coa obra «*Ácido Acetilsalicílico*» de Elvira Millán Liméns.



Público nunha representación teatral  
1999/Arquivo Afonso Fernández


Relación de personaxes e actores que lle deron vida:

Farruco e Paquiño (Paula Fontán), Carmela (Bárbara Bueno), Xulia (Elena Sánchez), Xosé e Pocho (María Pastoriza), Manola (Diego Sotelo), Pepiño (Pablo Miranda), Maruxa (Paula Barros), Lucho (Lidia Fernández), Ruperta (Montse Otero), Pedriño (Manuel Buceta), Xoán (Miguel Sampedro), Remigio e Xosefa (Abigail Buceta), Personaxe (Manuel Buceta na 1ª e Lidia Fernández na 2ª representación), Criada (Agustín Cerviño, 1ª e Mª Elvira Millán, 2ª) e Negritos (Na 1ª: Montse Otero, Lidia Fernandez, Mª Elvira Millán. Na 2ª: Bárbara Bueno, Diego Sotelo e Agustín Cerviño).

Directora de escena: Asunción Soñora (tamén actuou). Decoradores: Javi & Ricky. Efectos especiais, música e luces: Abram Solla & Asunción Soñora. Peiteados: Alumnas de 1º de F.P do IES Johán Carballeira.

A obra comezaba cun dos personaxes falando sobre o argumento da mesma...:

*“Esta é a historia dunha familia rica e outra de economía media. Que pasa nela? Pois... ben... Como vos diría? É unha historia rariña, difícil de contar. Tedes que estar moi atentos ao que vai suceder. Como di a miña amiga Ruperta Vilalobos, que máis ca un lío é unha comedura de tarro. Eu que sei!*



*O mellor é que a miredes xa que se vola conto non ides a decatarvos de nada. Así que déixovos e xa nos miraremos logo.”*

Nos cursos seguintes ensaiáronse e representáronse diversas obras como «Os cravos de prata» de Nicolás Vela (o actor protagonista era Manuel Macou), «*divinas paixóns*» (Semana das Letras Galegas



Comediantes Anónimos – Beluso  
1999/Arquivo Afonso Fernández

1993), etc. ata que no ano 1997 celébrase no IES Johán Carballeira de Bueu, a “I Mostra de teatro do Ensino Secundario do Morrazo”.

As bases do que sería a ‘I Mostra de Teatro do ensino secundario do Morrazo’, xurdiu da iniciativa do profesorado de secundaria que na súa Presentación comeza explicando que *“A nosa proposta xorde da necesidade de encher un oco baldeiro dentro das actividades culturais e formativas que se desenvolven na nosa bisbarra e da necesidade de potenciar o labor teatral que, de xeitos distintos, pero igualmente esforzados se vén facendo nos diferentes centros de ensino secundario do Morrazo.[...] A Mostra quere ser, pois, un encontro do teatro do ensino secundario que sirva de pulo a esta actividade nos centros de ensino secundario e que potencie o establecemento de verdadeiros obradoiros de traballo afastando a práctica dramática nos colexios da tónica e case sempre anódina función de fin de curso.”*

Os obxectivos son moi claros e resúmense:

- “-Coordinar esforzos entre os centros para sacar adiante a actividade teatral.*
- Pór en contacto ao alumnado de secundaria co mundo do teatro.*
- Conectar ao alumnado de teatro dos diferentes centros para establecer nexos de afección dramática para mostrarse o seu traballo, favorecer intercambios de ideas,...*
- Establecer vínculos de coñecemento mutuo, tanto artísticos como humanos, entre o alumnado e profesorado doutras comunidades.*
- Axudar a divulgar as artes e técnicas escénicas entre o alumnado xeral dos centros do ensino secundario.*
- Potenciar a creación dun novo público para o teatro.*
- Desenvolver a reflexión do papel que deberían ter as ensinanzas teatrais na educación secundaria e no novo bacharelato.”*

Que o concello de Bueu axudou a Comediantes Anónimos nos seu inicio. Proba diso o temos que o 1 de decembro de 1997, posiblemente para a organización da I Mostra de Teatro, concelleira de Cultura, Consuelo García solicita ao departamento de Intervención

de fondos que se desafecten 20.000 pesetas que en concepto de “Axuda económica para o grupo de teatro o IESP Johán Carballeira” (na partida Axuda a Asociacións Culturais) que se lle debían das 40.000 pts asignadas.

Aínda hoxe en día ‘Comediantes Anónimos’ segue a ser un dos seis grupos habituais que participaron en todas as convocatorias deste certame co que a actividade teatral comeza un ascenso importante no panorama cultural do Morrazo.

A relación de obras e estilos representados por este grupo é amplísima polo que non as citaremos todas, só unhas poucas a modo de exemplo: «*Os vellos non deben namorarse*» (1997), «*A grande noite de Fiz*» (1998), «*Vive la musique! de Fiz*» (1999), «*Paixóns, divinas paixóns*» (2000), «*Un día na vida de Vladimiro e o seu can Trotsky*» (2005), [...] «*A Illa Amarela*» (2009), [...] «*O rei nú*» (2012), «*Fuxan os contos*» (2013), «*Gallaegaria*» (2014), «*É a guerraaarr!!*» (2015) e «*Cadros de amor e humor, ao fresco*» (2016), de José Luis Alonso de Santos.

Pero a actividade teatral tamén ten o seu epicentro nos outros centros educativos de Infantil, Primaria e Secundaria, uns máis que outros, pero todos deron en organizar obradoiros e pequenas representacións teatrais. O Nadal, Letras Galegas e Fin de Curso son as efemérides a celebrar con actividades, entre outras, teatrais.

Con excepcións, o idioma utilizado nestas representacións era o castelán ata mediado dos anos oitenta do século pasado. Logo o galego pasou a ser maioritario nas obras programadas; e na actualidade, nalgún dos centros, iguálase co inglés.


Ao longo da historia do teatro en Bueu vese que esta actividade ía, moitas das veces, da man de entidades sociais como Centros Recreativos, Liceo Casino, sociedades deportivas, etc. Estas foron cedendo a

testemuña a Sociedades Culturais e ao patrocínio de organismos públicos como Deputación e, sobre todo, concello de Bueu.



“Hai festa en ABC” – 1988/Arquivo Manuel Macou

Entre as Asociacións destacar a Asociación As Lagoas de Bueu que aínda que as súas actividades principais ían da man de organizar eventos ao arredor da fotografía, do cine na rúa, actividades tradicionais no mundo dos nenos, recompilación e divulgación da imaxe histórica, etc., dende 1988 e primeiros anos dos 90 organizou representacións teatrais propias, con nenos de Bueu, como a obra que se representou na Banda do Río titulada «*Hai festa en ABC*» dirixida por Puri Cestay; ou contratando a grupos de teatro como ‘Ancoradouro mimo e pantomima’ de Cangas do Morrazo coa obra «*Quer que lle quer*» (19 de maio de 1989), Teatro de Ningures (Ningures Producción S.L.) con «*María Soliña*», grupo de teatro Auriu, etc.



Mimo: Manuel Macou/Arquivo Manuel Macou

Nestas mesmas datas de 1993, Xosé Vázquez Pintor, fundador e director en Cangas do grupo Teatro Amador Ancoradouro-Mimo, achégase a Bueu para artellar unha morea de actividades ao redor do teatro comezando por solicitar a utilización do salón de actos da Casa de Cultura todos os mércores dende finais do mes de xullo ata o mes de outubro para ultimar ensaios para a montaxe de «*Na dirección do sol*». Tamén dirixiu un obradoiro de teatro que co título “Iniciación ao Teatro” pretendeu na semana do 16 ao 21 de agosto tocar o teatro Clásico, Mimo e Sombras (para nenos). No apartado de Mimo dirixiu a un pequeno, pero escollido, grupo de rapaces (Abigaíl e Manuel Buceta, Pablo Cabanelas, María, Elisa, etc...) que, á súa vez pertencían case que todos ao grupo Comediantes Anónimos. Con este novo grupo de Mimo buenense chegou a actuar en dúas ocasións: en Bueu e no concello de Cangas.

Para o 13 de xuño de 1993 a Asociación ‘Xuventude Alternativa’ solicitou o uso (de 12:00-23:30 h.) do salón de actos da Casa de Cultura para realizar unha “*obra teatral a cargo da 'Aula de Formación de actores de Pontevedra' así como un concerto ó aire libre na alameda da Casa de Cultura, con taquilla para sufragar gastos de amplificación e da obra teatral. O concerto é a cargo de dous grupos do Morrazo*”. Todo isto coa finalidade de “*Contribuir a fomentar a vida cultural especialmente a xuventude de Bueu, e difundir os grupos novos de música do Morrazo*”. Este mesmo grupo tivo autorización para realizar actividades e promoción teatrais o 5 de marzo e o día 23 de abril (a cargo dun mimo) dende as 19 h. ata as 24 h.

No 1994 e dentro do que se deu chamar Verán Deportivo-Cultural houbo dúas sesión de monicreque (23-24 xullo) polo grupo Xacarandaina e Teatro polo grupo Ancoradouro (20 e 21 de agosto) subvencionado este por Cultura con 150.000 pesetas. Amparado polo concello durante todo o verán funcionou un obradoiro de teatro cun custo de cero pesetas para a entidade organizadora. O bo funcionamento deste obradoiro de teatro levou a Unidade Galega pedir na comisión de Cultura fosen felicitados.

Coa finalidade de constituír un grupo de teatro autónomo, M<sup>a</sup> Elvira Millán Liméns, como representante do Grupo de Teatro Nun Arrouto solicita da alcaldía poder utilizar o salón de actos da Casa da Cultura para realizar ensaios os venres (20 a 23h.) e sábados (10:30 a 13 h.). Autorización que lle foi concedida o 2 de novembro de 1994.

Algúns dos rapaces e rapazas que participaron en Ancoradouro e Comediantes Anónimos foron atrapados polo mundo do teatro e volven a organizarse, 1994-95, como grupo Orballo. Así llo comentan ao profesor de filosofía do IES J. Carballeira, Francisco Gimeno Suances, e este lles achega unha pequena obra de teatro súa que está a rematar para que, de ser do seu agrado, a representaran. Lida esta gustoulles e dispuxéronse ao reparto de papeis non sen antes traducirse ao galego, xa que orixinariamente estaba en castelán. Titulábase «*Polo seu propio ben*» e a trama corría ao arredor duns fillos “desnaturalizados” que meteran ao seu pai nun asilo e...

Para preparar a representación e iniciar os ensaios solicita Agustín Cerviño, en nome do grupo, autorización ao concello para utilizar o salón de actos da Casa de Cultura tres días á semana dos meses de abril e maio (1995). Figuraba coma responsábel M<sup>a</sup> Elvira Millán. Aínda que iniciaron os ensaios con moito brío por circunstancias varias pouco a pouco foron distanciándose os ensaios e o grupo dissolveuse sen haber feito ningunha representación. E, segundo contan, ata parece que nesas datas non chegou a rematarse de escribir o final da obra.

No ano seguinte houbo un segundo intento de organización dun grupo de teatro ensaiando «*O arce no xardín*» escrita por Roberto Salgueiro González que tampouco chegou a estrearse.

- 5 de febreiro de 1995 na Casa de Cultura. Obra de teatro organizada polas Lagoas. O Comisión de Cultura pon como condición para usar o local que non se cobre entrada (por acordo na mesma do día 5-12-1994)

A Concelleira de Cultura e Deportes organizou o sábado 8 de abril de 1995 unha representación teatral na Casa de Cultura. Representou a obra o grupo Teatro da Casa da

Bola, de Cangas no que foi a primeira representación deste grupo. A obra posta en escena era «*Sala de espera*» de José Vázquez Pintor, baixo a dirección de M<sup>a</sup> del Carmen González Otero. Contaron co apoio técnico do grupo Acoradouro-Teatro.

O día 18 de agosto de 1995, e organizado polo Concello de Bueu, representouse a obra «*O espírito do bosque*» de Esteban Losada polo grupo de Títeres Falcatrúa no salóns do IES Johán Carballeira.

O 12 de marzo de 1996 o alcalde asina o ditame favorábel da Comisión de Goberno á proposta da Comisión de Cultura para a creación dun Obradoiro de Teatro na que a copia literal dicía:

*“O Concello de Bueu, a través da súa Concellería de Cultura e Xuventude, considera que dentro da oferta cultural deben existir unha serie de obradoiros estables que completen a oferta para a xuventude, e no caso do Obradoiro de Teatro que é o primeiro que se propón, sirva de cerne a futuros grupos teatrais que poidan xurdir a partir desta iniciativa.*

*Por este motivo, proponse a convocatoria dunha Beca para monitor deste obradoiro de teatro, coas seguintes características:*

*1.- Unha Beca para Obradoiro de Teatro, durante os meses de abril, maio, xuño e xullo, de catro horas semanais.*

*2.- A contía económica desta Beca será de 36.000 pts/mes.”*

O 2 de maio o Tribunal avaliador das propostas presentadas elixiu como monitor dos obradoiros de teatro a Manuel Solla Barragáns fundador, director e actor do ‘Grupo de Expresión’. Nestas actividades pretendíase, entre outras cousas, ter “*unha serie de recursos: plásticos, literarios, dramáticos e musicais, articúlense co pretexto común nun traballo de Animación Teatral [...] onde a obra de teatro sexa a escusa para articular unha serie de talleres que confluirán xuntos no espectáculo*”. Os obradoiros nos que se participaban eran seis: de escenografía, vestuario e atrezzo, de cabezudos e máscaras, de monicreques, de música, de sombras e de teatro negro.

Marzo 1996... IX Semana Cultural do Colexio de Beluso: Martes 26: Teatro a cargo dos alumnado do colexio coa obra «O Complexo»

O día seis de maio de 1996 o conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia asina co alcalde de Bueu un convenio polo que a Consellería comprométese a aportar 400.000 pesetas (de 679.000 pts.) para os Circuitos Culturais que nese ano permitiu achegarse a Bueu ás seguintes actuacións:

O 17 de maio, Día da Letras Galegas, o grupo de Teatro Cachirulo cun espectáculo desenvolvido ao longo de todo o día (5 horas) baixo o título «*A illa do tesouro*» que estivo dividida en tres partes:

1ª OBRADOIROS para rapaces e rapazas da vila de *Caracterización e ritmos, aterezo, obxectos e decorados*.

2º VIAXE NA PROCURA DO TESOURO, pasarrúas e accións por toda a vila para atopar o tesouro dos *Piratas*.

3º REPRESENTACIÓN de «*A Illa do tesouro*» de Xian Bobillo e Jorge Rey, con marionetas segundo a novela de R.L. Stevenson

E xa no mes de xuño (28) actuación de Teatro de Ningures ‘Tic-tac’ e o 5 de xullo o Mago Antón con ‘Creacións Máxicas’.

A primeiros do xuño hai unha proposta do Concelleiro de Mocidade para que actúe, o 25 de xuño na Casa de Cultura, o “Grupo de Teatro Axouxere” cun gasto para o concello de 25.000 pts aos que se lle engadiría o recadado coas entradas (300 pts entrada)

O 20 xuño de 1996 como actividade de Fin de Curso do do alumnado do CEIP A Pedra (de Infantil a 2º de E. Primaria), e no escenario do IES Johán Carballeira, o grupo Trecola representou a obra «*Gorgorín e cabezón*».

Un ano antes de que se presentara a ‘I Mostra de Teatro do ensino secundario do Morrazo’ o concello de Bueu presenta e aproba (oficialmente na reunión da Comisión Informativa de Cultura e Deportes celebrada o 4 de setembro de 1996) a proposta de creación da ‘I Mostra de Teatro Afeccionado’ (para grupos nados ao abeiro das asociacións e dos institutos). Mostra que tiña a intención de que servira de escaparate ao traballo de todos os grupos participantes fóra da súa contorna máis próxima e, ao mesmo tempo, que sirva de revulsivo a novas iniciativas teatrais. Na proposta dicíase que a Mostra desenvolveríase durante a terceira semana do mes de outubro e cada grupo recibiría 30.000 pesetas pola súa participación. Para a financiación da Mostra sufragaríase na súa maior parte polas entradas que terían os seguintes prezos: Entrada para cada representación 300 pts. e abono para toda a Mostra, 1.500 pts.

Chegado ao mes de outubro de 1997 o Grupo Migallas Teatro estivo actuando na Casa do Pobo de Beluso, dentro da programación de Circuitos Culturais da Consellería de Cultura e Comunicación Social e, dentro da programación de Nadal, proposta polo concello, a obra «*Deus*» polo Grupo Expresión, dirixida por Manuel Solla no Salón da Casa de Cultura de Bueu.

No programa dentro da programación das actividades do Nadal 1997-98 celebrouse na Casa do Pobo de Beluso o 3 de xaneiro, coa colaboración da Asc. de Veciños O Progreso de Beluso, «*Epifanías (Historias de (in) comunicación*», polo grupo Teatro Aurín de Moaña.

Destacar que por estas datas (22-1-1998) na reunión da comisión de Cultura preséntase a “Programación Cultural Permanente” cara a todo o ano 1998 e, entre outras actividades, a teatral prevese unha vez ao mes que se ben non se cumpriu ao pé da letra si houbo unha maior cantidade de obras nas que participou organizando ou subvencionando que meses tivo o ano. Exemplo disto o temos o 14 de marzo en Beluso e o 25 de abril en Bueu que cun custo de 50.000 pts o teatro afeccionado Xenio representa a obra cómica «*A parella*». O concello cobraba entrada (300 pts.) para pagar ao grupo quedándose co 10 % do recadado que se destinaba “*a gastos pequenos de difícil xustificación da Consellería de Cultura*”.

Dentro do programa de actividades do Circuitos Culturais, subvencionado parcialmente pola Consellería de Cultura e Comunicación e Turismo coa participación, por parte do concello co 53 % do total. As actividades realizáronse na zona peonil da Banda do Río de Bueu, o sábado 4 de xullo de 1998 cunha actuación do grupo de Títeres Kabuxa coa obra «*O Banco Azul*»; dúas de ‘animación da rúa’ do grupo de Teatro Esmorga (4 e 11 de xullo) e o grupo de Teatro A Mimosa actuou o sábado 11 de xullo.

O 19 de xullo a Comisión informativa de Cultura e Deportes informa favorablemente a retención dun Crédito de 600.000 pesetas para a programación do Verán Cultural 1998. Nel prevese un Obradoiro de teatro do 20 de xullo ao 10 de setembro con 15 alumnos cun custo de 75.000 pesetas (70.000 pts para o monitor e 5.000 pts para publicidade). Aínda que cada alumno pagou 1.000 pts. estas foron destinadas ao material que se precisaba nos obradoiros.

Con respecto a estes obradoiros sinalar que a Concellería de Cultura no resumo do ano Cultural fixo a seguinte reflexión: “*Á vista do éxito obtido polo obradoiro de teatro infantil que se desenvolveu durante os meses de verán na Casa de Cultura, esta concellería propón a realización dun segundo obradoiro de teatro, o cal se estendería dende os meses de xaneiro a xuño de 1999 (6 meses), a razón de dúas clases semanais de dúas horas de duración cada unha.*

*O obradoiro tería un custo por participante de 2.500 pts, das cales o Concello subvencionaría un total de 500 pts ata un máximo de 20 alumnos. O custo máximo da actividade sería de 60.000 pts.*”

Con data de 26 de xuño de 1998, e dentro do programa social da Caixa Pontevedra no salón de actos da Casa da Cultura, os compoñentes Grupo Atrezzo interpretaron a obra «*Morte accidental dun anarquista*». Para completar o patrocinio da Caixa o concello tivo que aportar 15.000 pts. para os carteis publicitarios e propaganda.

O grupo de Teatro Kaos de Moaña presenta, á Mancomunidad do Morrazo, unha proposta facer un teatro estable de monicreques co “*intento de recuperar a animación socio-cultural que noutros tempos tiveron as rúas dos nosos concellos*”. Como aval presentan a campaña “Os títeres na alameda” realizada



«Juan Pantera e a Garrota dando a nota»-1998  
Teatro Kaos

o verán anterior no concello de Moaña. A idea en síntese consistía en que durante os meses de xullo e agosto de 1998, houbera representacións nos concellos da Mancomunidad. Elixindo un día da semana e un lugar fixo para cada concello polo que pasarían cinco espectáculos (3 de monicreques e 2 de teatro na rúa) con catro compañías: Tanxarina, Teatro Esmorga, Latirili e Teatro Kaos. A Mancomunidad do Morrazo acepta financiar esta idea pero diminuindo un pouco o número de actuacións polo que, sen custo algún para o concello xa que iría a cargo dela, correspóndelle a Bueu, no que logo se deu en chamar ‘Títeres en agosto (para cubrir a área de animación infantil)’, as datas de todos os domingos do mes coas compañías: Teatro Kaos de Títeres (de Moaña) cós espectáculos «*Juan Pantera e a Garrota dando a nota*» e «*Aillados*» e Títeres Tanxarina (Redondela) coas obras «*Os Contaloucos*» e «*Tiricircus*».

Tamén o Grupo de Expresión volvería a representar a obra «*Deus*» pero esta vez na Casa do Pobo de Beluso. Cobrouse unha entrada de 300 pts coa condición de que a recadación fose a parar, na súa totalidade ao grupo. A aportación do concello foi de 15.000 pts en concepto de publicidade e gastos de transporte do grupo.

Manuel Macou en novembro de 1998 comeza coa dirección dun grupo de teatro que deron en chamar ‘Teatro Scaenae’ co que na compañía de Elía, Carmela e María estrearan (1999) «*Cuarteto para una noche de verano*» de Miguel Anxo Fernán-Vello.

A Asociación Club Golfiños de Bueu que dende 1998 ven de organizar actividades para nenos e nenas de 4 a 16 anos tamén organizou algún obradoiro de teatro que rematou con representación pública para recadar fondo para promover máis actividades.



Club Golfiños 2002/Arquivo

Outra Asociación a ter en conta foi “Mozas e Mozos de Beluso” (1997-2015) que entre os seus obxectivos principais era dinamizar a vida cultural e comunitaria da parroquia de Beluso e do seu pobo, Bueu. As actividades organizadas foron de teatro, cine, exposicións, charlas, recuperación de festas populares, etc. Pero serían as seis edicións do festival “A Noite do Trasnó” o que máis sona tería pois reunía a milleiros de persoa no Cabo Udra.

Esta Asociación en moitas das actividades culturais foi da man con outra Asociación senlleira na parroquia de Beluso como era O Progreso de Beluso.




Simalveira 2003/Arquivo Afonso Fernández

Ambas colaboraron na organización de eventos teatrais co concello de Bueu. O fito teatral desta colaboración foron os anos 1999-2000 coa que na Casa do Pobo de Beluso actuaron grupos como Verdegaiño coa obra «*Fin de acto*» (1999), A Casa da Bola de Cangas con «*A sala de espera*» (1999 e 2000), Grupo de Teatro Afeccionado do Colexio Eduardo Pondal de Cangas con «*O enfermo imaxinario*» (2000), Comediantes Anónimos con «*Paixóns, divinas paixóns*» (2000), etc.

Dentro dunha actividade de teatro escolar no Colexio Virxe Milagrosa de Bueu impartida po M<sup>a</sup> Elvira Millán Liméns naceu a semente dun pequeno grupo de rapazas que se deron en chamar “Mételle a Cuarta”. Decidiron preparar como primeira obra, con ese nome de grupo, cun guión da mesma directora M<sup>a</sup> Elvira, titulado «*Oníricamente Onírico*» que estrearon o 20 de agosto destes anos de 2004 no Centro Social do Mar (local que lles cedera o concello para os ensaios como grupo de teatro). As protagonistas da obra foron as princesas Bela Durminte (Susana Docampo), Cincenta (Xandra Loira), Brancaneves (Alba Sotelo) e o dragón (Cristóbal Soage).

A Asociación, a Sociocultural, Deportiva e Xuvenil de Meiro creou no ano 2000 un grupo de teatro coordinado pola mestra Rosa Estévez, co nome de a. Entre as súas postas en escena temos a súa actuación na Sala Aturuxo de Bueu, febreiro do 2003 no Concerto Expansivo, na compañía de Quempallou e a poetisa Lucía Novas, na que denunciaban os vertidos do Prestige; «*Os cravos de prata*», «*Noites de lixo*» de Rosa Estévez Gantes, «*Ledaíña pola morte do Meco*», de Roberto Vidal Bolaño (2004-2005) coa que actuaron no 2º Ciclo de Teatro Afeccionado do Morrazo e na 2ª edición de teatro de A Cepa; participaron no 75 aniversario de Bernardino Graña, etc.



Este grupo organizou obradoiros de teatro nos que formaron tamén unha sección infantil de teatro que no 2008 representou con títeres «*O tranqui pasou por Meiro*»

Pero non todo son colexios, asociacións, concellos,... En Bueu temos referencia teatral de iniciativa privada-empresarial. O caso máis relevante o temos coa Sala Aturuxo de Bueu, “O Atu”, que non só é un referente galego como sala de música en directo (Premio Organistrum salas 2014), senón que tamén achega ao público outras facetas da cultura, xa que “*o seu escenario está aberto a todo tipo de expresións artísticas*” que así o testemuñan a máis dunha ducia de representacións teatrais, das exposicións de fotografía, recitais de poesía, obradoiro de harmónica, calceta e labor de gancho, etc.

En canto á actividade teatral sería longo describir o rico abano de obras, xéneros e actores, moitos de primeira liña, que pasaron por este local dende o 2003 ata actualidade. Pero non me resisto a deixar no tinteiro a algunhas das agrupacións que representaron nel, comezando polo mencionado Simalveira e logo moitos outras como: Teatro Esmorga, Teatro de Cadaquén, Teatro para sí, Latirili Teatro, Jalisian Alternatif Sports, Producións Excéntricas, Teatro caChuzo, Bértola Teatro, etc.



E resulta que están a seguir con esta actividade xa que o último espectáculo teatral programado foi o venres 6 de abril deste ano, titulado «*A órbita do lucecú*» interpretado pola compañía lucense, Lucecús Teatro formada por Anxo Manoel, Isa Herrero e Rubén Pérez.

Lucecús Teatro 2016/Arquivo Grupo Lucecús

O Concello de Bueu ao longo destes últimos trinta anos, e desde a Concellaría de Cultura (noutros tempos tamén da de Mocidade), foi inserindo, nas actividades culturais, unha serie delas na contorna do mundo do teatro. Non so facilitando instalacións municipais ás agrupacións que o solicitaban para montar o seu espectáculo, senón contratando

**CINE + TEATRO + SORPRESA**  
sábado día 20 na casa do Pobo de  
Beluso ás 4.30

A peza teatral **GRANDULLÓN O XIGANTE ABUSÓN** e a película **STUART LITTLE**.  
(AO REMATE RIFARASE UNHA SORPRESA)  
entrada 100 pesetas

Oferta 3 x 1 /Arquivo A.S.C

directamente actuacións de grupos é, o que pode considerarse relevante, de “emanar propostas sobre o impulso do teatro afeccionado” (2001), e, como xa queda dito, creando convocatorias de beca/bolsa de monitor de obradoiro de teatro (a primeira en 1996 dotada cunha contía de 36.000 pts para os meses de abril a xullo cun horario de catro horas semanais; logo no 2002, 2003,...,2014).

As fórmulas para os obradoiros variaron ao longo do tempo pero de todas a máis senlleira e excepcional quizais foran a dos anos 2010 a 2014. E por poñer un exemplo

deste período collemos o ano 2011 onde o 2 de abril, cunha ollada ao teatro «*Por diante e por detrás*» de Máscara Producións comezouse o chamado *Ciclo Máis Teatro* no que no sábado había ciclo de adultos e o domingo ciclo para nenos. Logo no mes de xuño dese mesmo ano, co nome *Camiños da Cultura*, houbo un ciclo de actividades tales como monicreques, teatro infantil,... e para pór broche de ouro artellouse unha *Aula de Teatro* que durou dende o 4 de outubro do 2011 ata o 30 de maio de 2012.

Quero rematar non coa longa relación de grupos (Perigallo Teatro, Tanxarina, Pinga Teatro, Ibuprufeno Teatro, Avelaíña Teatro, etc.) e de obras representadas por mor do noso concello directamente ou por aquelas que no seu momento este captaba das incluídas nos Circuitos da Xunta de Galicia ou da Deputación senón coa petición expresa ás institucións de que sempre poden facer máis pola cultura. E, dentro desta, o teatro serviría de elemento transformador da nosa sociedade.

## Anexo – Bueu e o Teatro

### COMEDIANTES ANÓNIMOS

#### 1992...

- A primeira actuación pública do ‘Grupo Comediantes Anónimos, S.A’ foi na casa de Cultura de Bueu nun acto organizado pola Asociación Cultural As Lagoas o venres 21 de agosto de 1992 coa obra «*Ácido Acetilsalicílico*» de Elvira Millán Limens. Os primeiros actores que deron vida a Farruco e Paquiño (Paula Fontán), Carmela (Bárbara Bueno), Xulia (Elena Sánchez), Xosé e Pocho (María Pastoriza), Manola (Diego Sotelo), Pepiño (Pablo Miranda), Maruxa (Paula Barros), Lucho (Lidia Fernández), Ruperta (Montse Otero), Pedriño (Manuel Buceta), Xoán (Miguel Sampedro), Remigio e Xosefa (Abigail Buceta), Personaxe (Manuel Buceta na 1ª e Lidia Fernández na 2ª representación), Criada (Agustín Cerviño, 1ª e Mª Elvira Millán, 2ª) e Negritos (Na 1ª: Montse Otero, Lidia Fernandez, Mª Elvira Millán. Na 2ª: Bárbara Bueno, Diego Sotelo e Agustín Cerviño).

Directora de escena: Asunción Soñora.

Decoradores: Javi & Ricky

Efectos especiais, música e luces: Abram Solla & Asunción Soñora.

Peiteados: Alumnas de 1º de F.P do IES Johán Carballeira

Comezaba cun dos personaxes falando sobre o argumento da obra....: *“Esta é a historia dunha familia rica e outra de economía media. Que pasa nela? Pois... ben... Como vos diría? É unha historia rariña, difícil de contar. Tedes que estar moi atentos ao que vai suceder. Como di a miña amiga Ruperta Vilalobos, que máis ca un lío é unha comedura de tarro. Eu que sei!*

*O mellor é que a miredes xa que se vola conto non ides a decatarvos de nada. Así que déixovos e xa nos miraremos logo.”*

#### 1997...

- Abril... A “I Mostra de teatro do Ensino Secundario do Morrazo<sup>1</sup>”.... A primeira edición celebrouse no IES ‘Johán Carballeira’ de Bueu e ‘Comediantes Anónimos S.A. é un dos seis grupos habituais (que participaron en todas). A obra coa que se estrearon nesta Mostra foi «Os vellos non deben namorarse».

#### 1998...

- Abril... Na II “Mostra de teatro do Ensino Secundario do Morrazo”.... no Colexio Eduardo Pondal (Cangas) ‘Comediantes Anónimos S.A. participaron con «A grande noite de Fiz».

---

<sup>1</sup> Páxina Mostra Teatro: <https://sites.google.com/site/mostradeteatroensinosecundario/>

#### 1999...

- Abril... Na III “Mostra de teatro do Ensino Secundario do Morrazo”.... no IES A Barxas (Moaña) ‘Comediantes Anónimos S.A. participaron con «Vive la musique! de Fiz».

#### 2000...

- Abril... Na IV “Mostra de teatro do Ensino Secundario do Morrazo”.... no Colexio San Narciso (Marín) ‘Comediantes Anónimos S.A’. participaron con «Paixón, divinas paixóns».

#### 2001...

- Abril... Na V “Mostra de teatro do Ensino Secundario do Morrazo”.... no IES María Soliño (Cangas) ‘Comediantes Anónimos S.A’. participaron con «Sen sen-so».

#### 2002...

- Abril... Na VI “Mostra de teatro do Ensino Secundario do Morrazo”.... no IES Rodeira (Cangas) ‘Comediantes Anónimos S.A’. participaron con «Un anel para Arlecchino».

#### 2003...

- Abril... Na VII “Mostra de teatro do Ensino Secundario do Morrazo”.... no IES Johán Carballeira, ‘Comediantes Anónimos S.A’. participaron con «O Coleccionista de sombras».

#### 2004...

- Abril... Na VIII “Mostra de teatro do Ensino Secundario do Morrazo”.... no Colexio Eduardo Pondal, ‘Comediantes Anónimos S.A’. participaron con «*Os tres mosqueteiros e... D’Artagnant?*».

#### 2005...

- Abril... Na IX “Mostra de teatro do Ensino Secundario do Morrazo”.... no Auditorio de Cangas, ‘Comediantes Anónimos S.A’. participaron con «*Un día na vida de Vladimiro e o seu can Trotsky*».

#### 2006...

- Abril... Na X “Mostra de teatro do Ensino Secundario do Morrazo”.... no Auditorio de Cangas, ‘Comediantes Anónimos S.A’. participaron con «*Amarelo Molière*».

## 2007...

- Abril... Na XI “Mostra de teatro do Ensino Secundario do Morrazo”.... no Colexio San Narciso de Marín, ‘Comediantes Anónimos S.A’. participaron con «*Supermán*».

## 2008...

- Abril... Na XII “Mostra de teatro do Ensino Secundario do Morrazo”.... no IES A Barxas (Moaña) ‘Comediantes Anónimos S.A’. participaron con «*Ópera pánica*».

## 2009...

- Abril... Na XIII “Mostra de teatro do Ensino Secundario do Morrazo”.... no IES María Soliño (Cangas) ‘Comediantes Anónimos S.A’. participaron con «*A illa amarela*».

## 2010...

- Abril... Na XIV “Mostra de teatro do Ensino Secundario do Morrazo”.... no IES Johán Carballeira, ‘Comediantes Anónimos S.A’. participaron con «*A filla do capitán Aníbal*».

## 2011...

- Abril... Na XV “Mostra de teatro do Ensino Secundario do Morrazo”.... no Auditorio de Cangas, ‘Comediantes Anónimos S.A’. participaron con «*Morra o conto*».

## 2012...

- Abril... Na XVI “Mostra de teatro do Ensino Secundario do Morrazo”.... no Auditorio de Cangas, ‘Comediantes Anónimos S.A’. participaron con «*O rei nú*».

## 2013...

- Abril... Na XVII “Mostra de teatro do Ensino Secundario do Morrazo”.... no Colexio Eduardo Pondal, ‘Comediantes Anónimos S.A’. participaron con «*Fuxan os contos*».

## 2014...

- Abril... Na XVIII “Mostra de teatro do Ensino Secundario do Morrazo”.... no IES A Barxas (Moaña) ‘Comediantes Anónimos S.A’. participaron con «*Gallaegaria*».
- 16 de maio.... ‘Comediantes Anónimos’ representou no IES Johán Carballeira «*Gallaegaria*». Dúas sesións: para o alumnado do centro e, pola tarde, para o público en xeral.

## 2015...

- 28 Abril... Na XIX “Mostra de teatro do Ensino Secundario do Morrazo”.... no IES María Soliño (Cangas) ‘Comediantes Anónimos S.A’. participaron con «*É a guerraarrrr!!*».

## ATURUXO

O caso máis relevante o temos coa Sala Aturuxo de Bueu, “O Atu”, que non só é un referente galego como sala de música en directo (Premio Organistrum salas 2014), senón que tamén achega ao público outras facetas da cultura, xa que “*o seu escenario está aberto a todo tipo de expresións artísticas*” que así o testemuñan a máis dunha ducia de representacións teatrais, das exposicións de fotografía, recitais de poesía, obradoiro de harmónica, calceta e labor de gancho, etc.

En canto á actividade teatral sería longo describir o rico abano de obras, xéneros e actores, moitos de primeira liña, que pasaron por este local dende o 2003 ata actualidade. Pero non me resisto a deixar no tinteiro a algunhas das agrupacións que representaron nel, comezando polo mencionado Simalveira (de Meiro) e logo moitos outros que por aquí pasaron, algúns máis dunha vez, foron: Teatro Esmorga, Teatro de Cadaquén, Teatro para sí, Latirili Teatro, Jalisian Alternatif Sports, Produccións Excéntricas, Teatro caChuzo, Bértola Teatro, etc.

E resulta que están a seguir con esta actividade xa que o último espectáculo teatral que teñen programado foi o venres 6 de abril deste ano, titulado «A órbita do lucecú» interpretado pola compañía lucense, Lucecús Teatro formada por Anxo Manoel, Isa Herrero e Rubén Pérez.

<http://www.aturuxo.net/axenda/arquivo#actuacions-2002>

## CALCETA

2/11/2013: [Encontro de calceta](#)

28/12/2013: [Encontro de Calceta e Labor de Gancho](#)

## HARMÓNICA

19/12/2013: [Obradoiro de Iniciación á Harmónica](#)

## TEATRO

- 1/02/2003: [Concerto Expansivo: Quempallou \(Folc tradicional\), Teatro Simalveira \(Meiro-Bueu\), Lucía Novas \(Poetisa / Bueu\)](#): Organiza: Burla Negra.
- 21/07/2004: [Stop al pánico: Latirili Teatro \(Vigo\)](#):
- 2/06/2005: [Quanto vales tu, meu tentador?: Teatro para si \(Cangas\)](#): Autor: Joel Rodrigues Gomes
- 23/02/2006: [Charlie's Angels' Sex: , Teatro caChuzo](#): Charlie's Angels' sex é unha comedia ácida e descrida sobre o modelo de muller do século XXI que nos venden: actual, cosmopolita, sempre eficaz, sempre perfecta e que a publicidade nos indica como conseguir mercando catro cousiñas.. En 2005 estrea *Charlie's Angels' sex* de Begoña Ferreira e Eva Gontad
- 14/09/2008: [Interrup-Tour: Interruptus \(Música-Teatro / Euscadi\)](#): Obra músico-teatral
- 19/03/2010: [A Filla de Woody Allen \(Teatro, Galicia\)](#) : A Filla de Woody Allen, conta a historia da suposta (e ficticia) filla galega do gran cineasta americano.
- 6/05/2010: [Teatro Esmorga \(O Incorruptíbel, Helder Costa, Galicia\)](#) : política é unha enfermidade contaxiosa, moi traidora. Para moitos é un negocio. A política é...

- 28/07/2010: [Life is a paripé \(Teatro, Galicia\)](#) : Life is a Paripé: 75 minutos de humor dividido entre 11 escenas e pico, multiplicado por 2 intérpretes masculinos sumados a 1 intérprete feminina dá como resultado: 33 por cento de música máis 33 por cento de teatro máis 33 por cento de cachondeo, o que dá un total final de 100 por cento de paripé. Intérpretes: César Goldi Iolanda Muiños Mos Escrita e dirixida por: Jose Prieto
- 6/03/2011: Sempre ao Lonxe, ou a decadencia étnica (Teatro, Comedia. Producións Excéntricas) : Elenco: Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira e Piti Sanz
- 8/05/2011: [JAS \(Jalisian Alternatif Spors\) \(Teatro, Galiza\)](#) : JAS (Jalisian Alternatif Spors)
- Teatro de Cadaquén ó longo da súa historia estivo sempre moi relacionado co mundo deportivo. Presentou e amenizou galas do deporte, participou na inauguración de infraestructuras, e encárgase ano tras ano de poñer “patas parriba” os 10 kms Cidade Universitaria.
- Contaxiados pola febre dos últimos éxitos deportivos e contando co elenco máis en forma da esfera teatral galega, damos un pasiño máis e poñémonos o pantalón curto para xogar co deporte enriba do escenario.  
JAS, como o seu nome indica, é un espectáculo con moita chispa. Un auténtico disparate cómicodeportivo deseñado para sorprenden e esternicarse da risa.  
Elenco Sergio Casás, Manuel Chapela e José Calvar  
Música e Iluminación Anxo Lourido e Oscar Cerqueira
- 17/05/2011: [O Fútbol é así \(Obras Públicas / Teatro - Galiza\)](#): O futbol é así: Con Mos e Leandro Lamas escrita e dirixida por Jose Prieto. 60 minutos de futbol, música e teatro. Os xornalistas deportivos, a afición e por suposto... os xogadores. O futbol é así.. baseada en feitos inventados que ben puideron ter ocorrido na fase final dun mundial no que xogaba unha selección vestida de vermello.
- 22/07/2012: [Teatro Esmorga](#), “Eu mataríame... pero non lle vexo futuro”.
- 26/01/2014: [BÉRTOLA TEATRO DESMONTABLE](#) presentou “[O PACK CÓSMICO](#)”.
- 06/04/2016: “A Órbita do Lucecú” de [Lucecús Teatro](#).



# FESTIVAL AXUDA INTERCAMBIO ALEMAÑA

Domingo 26 de marzo  
ás 19:00h  
no Centro Social do Mar

*Grazas por  
colaborar!!*

Representacións  
teatrais de:



& outras  
actuacións

Entradas á venda en



ORGANIZAN

**Alumnos  
intercambio**



IES Johan Carballeira de Bueu



# O QUE HAI QUE VER



## FULANO MENCANO e CITANO

**SÁBADOS DE TEATRO**

CENTRO SOCIAL DO MAR

SÁBADO 8 DE ABRIL

ÀS 21 H.

ENTRADA 3€

ORGANIZA



COLABORA

DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA | pontegai



# AS DO PEIXE

Un espectáculo que honra a memoria das traballadoras da conserva



Escrito por

**Cándido Pazó**

Dirixido por

**Cristina Domínguez da Pena**

Coas actrices

**Casilda Alfaro**

**Mónica Camaño**

**Susana Dans**

**Rocío González**

